A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...).
Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos distintos departamentos do centro, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:
1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan

producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.
7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor |
| Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes. |
| Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Materiais de investigación e consulta. |
| Presencia da prensa na aula con periodicidade semanal |
| Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación |
| Emprego da conversa e o debate como ferramentas que estimulan o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións |
| Libros de lectura recomendados polo Departamento. |
| Os dicionarios de uso da lingua. |
| Internet: páxina web do centro, aula virtual, blogues e wikis do profesorado e do alumnado. |
| Taboleiro dixital, vídeo-proxector, computador portátil. |
| Fondo documental da Biblioteca do centro. |

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supón o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea. O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datosobtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal dos tres proxectos propostos (un por trimestre).

Os contidos da materia integraranse na aula a través das tres unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinariedade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia, na primeira semana do curso realizarase unha actividade oral (exposición sobre un tema escollido polo alumno ou alumna entre os propostos polo docente), que será valorada segundo táboa de indicadores.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **Total** |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **20** | **30** | **50** | **100** |
| **Proba escrita** | 25 | 25 | 25 | **25** |
| **Táboa de indicadores** | 75 | 75 | 75 | **75** |

**Criterios de cualificación:**

Criterios de cualificación, procedementos e instrumentos

A avaliación nesta etapa obrigatoria ten carácter continuo, formativo, personalizado e integrador na que se persegue unha evolución do alumno tanto a nivel de coñecemento e dominio dos contidos da materia como do emprego e dominio das competencias básicas que permitan unha madurez persoal. A avaliación, cualitativa e cuantitativa, levará a cabo mediante a observación, o diálogo, o intercambio constante entre profesor e alumno, ademais das probas e os traballos habituais de clase propostos. Será o instrumento para a reflexión e as modificacións que sexan necesarias, se é o caso. O seu seguimento e as propostas de mellora serán recolleitos nas actas do departamento.

Instrumentos de avaliación
PROBAS (25%)
TÁBOA DE INDICADORES (75%)
INDICADORES DIXITAIS
O uso do procesador de textos, folla de cálculo, blogue ou outras ferramentas electrónicas para os fins que se indiquen. As publicacións no blogue ou en medios similares en formato electrónico son responsabilidade do alumno.
INDICADORES DE AUTOAPRENDIZAXE
O caderno de clase: estado, presentación, orde.
Tarefas de autoaprendizaxe das unidades.
Cartafol arquivo de borradores e traballos do alumno.
O traballo diario na clase: a atención prestada ás explicacións, a corrección dos exercicios e seguimento das actividades segundo as indicacións do profesorado.
Tarefas de reforzo e/ou ampliación.
O uso dos materiais: caderno, documentos entregados.
A autoavaliación dos estudantes.
INDICADORES DE CREACIÓN E EMPRENDEMENTO
As lecturas realizadas das recomendadas polo Departamento.
Os traballos, comentarios e textos de creación persoal en soporte papel ou dixital.
Os borradores das exposicións realizadas.
A recollida de datos do banco de argumentos, citas e autorías.
O rexistro das lecturas realizadas.
Criterios de cualificación

A cualificación final da avaliación realizarase mediante a valoración das probas (25%) e das tarefas por taboas de indicadores (75%) realizadas en cada avaliación. Nas adaptacións curriculares estas porcentaxes adecuaranse ás necesidades e características das aprendizaxes do alumnado. Na avaliación das competencias utilizaranse como instrumentos os indicadores dixitais, indicadores de autoaprendizaje e indicadores de creación e emprendemento sinalados.
O mínimo esixible para a obtención dunha avaliación positiva sitúase nunha cualificación numérica de CINCO.
Cada entrega con realización non satisfactoria de actividades de autoaprendizaje e reforzo para as distintas destrezas que se realicen durante a avaliación restará un 10% da puntuación máxima da devandita tarefa.

As lecturas optativas realizadas polo alumnado teranse en conta na cualificación global da materia.

Para outros criterios específicos de avaliación do alumnado coa materia pendente e plan de recuperación, ver apartados correspondentes.

Penalizacións
A copia ou plaxio nun traballo académico (dun compañeiro, da internet, de libros ou/e outros recursos ou documentos varios) considérase un procedemento desleal e por tanto terá a cualificación de CERO puntos.

Nos textos escritos os erros ortográficos serán motivo de penalización progresiva. Por cada falta o desconto será de 0.10. Por letra ilexible e presentación pouco coidada (sen marxes, sen parágrafos, sen sangría, follas arrincadas do caderno) o desconto será de 0.50. A penalización máxima será de 2 puntos sobre 10. O profesor, con todo, será consciente en todo momento das deficiencias ortográficas, e deberá prestar maior atención á autocorrección dos erros por parte do alumno e á súa evolución que á penalización dos mesmos.
O alumno respectará a data de entrega fixada para os traballos ou proxectos. Non se recollerán fóra de prazo, salvo que haxa unha causa xustificada.
O caderno de clase e cartafol arquivo de borradores e traballos será custodiado polo alumno quen realizará a súa entrega en prazo para a súa cualificación ou revisión dos mesmos.

Avaliación final de xuño
Dado o carácter progresivo na adquisición dos contidos e destrezas a cualificación da 1ª avaliación supoñerá o 20%, a 2ª avaliación o 30% e a 3ª o 50%. Para o alumnado con cualificación de insuficiente na terceira avaliación, véxase o plan de recuperación de xuño. Respecto á avaliación das competencias, a súa cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada unha das avaliacións coa ponderación sinalada.

**Criterios de recuperación:**

Con carácter xeral durante o curso a avaliación será continua e cando a cualificación en parte ou global sexa insuficiente, o alumno terá a oportunidade de demostrar nas seguintes tarefas que alcanzou os obxectivos. O profesorado poderá incluír para a súa avaliación aqueles aspectos que considere necesarios para a obtención dunha cualificación positiva na materia, conforme á programación vixente. O mesmo criterio para a materia pendente, cando sexa o caso.
Plan de recuperación de xuño
O alumnado que despois da terceira avaliación, unha vez aplicadas as ponderacións oportunas, teña unha nota global de insuficiente terá que facer as tarefas de recuperación que se indiquen e deberá de superar unha proba final dos contidos da materia, na súa totalidade ou en parte, nas datas que se determinen polo profesorado da materia.
Tarefas e instrumentos de avaliación de recuperación de xuño
Utilizaranse dous instrumentos de avaliación:
-Realización dunha proba específica axustada aos obxectivos e contidos esixibles da área do curso correspondente, que figuran nesta programación. A ponderación sobre a nota final de avaliación será do 90%.
-Presentación dun traballo de reforzo, ou a realización de tarefas de recuperación propostas na súa totalidade ou en parte. Contará un 10 % da nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Considerando a heteroxeneidade do alumnado da etapa, resulta necesario que os enfoques metodolóxicos adáptense ás necesidades peculiares de cada individuo, entendendo esta diversidade como beneficiosa para o enriquecemento xeral do grupo. Cada alumno/a aprende a un ritmo diferente, polo que debemos procurar, na medida do posible, deseñar estratexias que axuden a avanzar tanto ao alumnado que destaca como ao que ten dificultade (por razóns diversas) e que debemos valorar canto antes para establecer unhas pautas adecuadas de intervención didáctica que permitan o seu desenvolvemento óptimo (avaliación diagnóstica). O profesorado, para estes efectos, debe elixir o material conveniente (materiais en papel ou informáticos, Internet e demais soportes audiovisuais, programas de computador, etc.) baseándose, non só en criterios académicos, senón tamén naqueles que teñan en conta a atención á diversidade na aula. A nosa proposta atende, neste sentido, aos seguintes aspectos:

Coñecemento do alumnado. Trátase de organizar unha secuenciación de contidos accesible ao alumnado. Ademais, procurarase seleccionar textos de sentido completo e de temática interesante para eles.
Niveis de profundidade, complexidade ou dificultade. As actividades e propostas, tanto as incluídas no libro do alumno como as propostas polo profesorado, organizaranse de forma xerárquica, segundo a súa dificultade para responder aos diferentes estilos cognitivos presentes na aula.
Fomentarase o traballo individual, cooperativo, en parellas, pequeno e gran grupo.

Plan de reforzos educativos
Unha vez realizada a avaliación diagnóstica de comezo de curso, establécense os plans de reforzo individualizado para o alumnado, se é o caso. Destas medidas e do seu seguimento darase conta nas actas do departamento.

Plan de recuperación para o alumnado repetidor
O alumnado repetidor seguirá un programa de recuperación específico elaborado polo profesor que imparte a materia, informando ao titor e ás familias para adquirir o seu compromiso coa medida aplicada. Os programas de recuperación estarán baseados nos mínimos esixibles da materia do nivel correspondente que o alumno ten suspenso.

Adaptacións curriculares
Os alumnos que se apartan significativamente dos contidos e criterios de avaliación contan cunha adaptación curricular individualizada elaborada polo profesor da materia do grupo de referencia do alumno, que se incorpora á

programación anual dos Departamentos de Lingua Castelá e Literatura e ao Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación para a convivencia. O desenvolvemento do respecto polas normas de convivencia e participación cidadá aplícase, por exemplo, a través da lectura e análise de determinados textos expositivos ou argumentativos. | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a saúde A saúde entendida como benestar físico e psíquico pode traballarse a partir dalgúns textos xornalísticos sobre a anorexia, bulimia, alimentación, deporte¿ | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz O tema pretende ensinar a resolver os conflitos de forma pacífica, especialmente a través do diálogo. Neste sentido as actividades que se desenvolven dentro do programa de expresión oral, e moi especialmente as relacionadas con textos argumentativos, son un medio idóneo de transmisión destes contidos. | X | X | X |
| ET.4 - Educación do consumidor A través da presenza deste contido transversal preténdese dotar aos alumnos de instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo. Exemplos do seu tratamento na área de Linguas son todos os contidos relacionados coa publicidade e aqueloutros dirixidos á elaboración de contratos, reclamacións... | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.5 - Educación non sexista A presenza deste tema transversal pódese ver na atención cara aos usos discriminatorios da linguaxe. | X | X | X |
| ET.6 - Educación ambiental A toma de conciencia sobre os problemas que afectan o medio ambiente, obxectivo principal deste tema, desenvólvese a partir de textos argumentativos, de revistas especializadas ou a través de Internet. | X | X | X |
| ET.7 - Educación sexual Os textos xornalísticos sobre a adolescencia, visionado de películas ou documentais sobre os temas que dean pé para o seu posterior debate. | X | X | X |
| ET.8 - Educación viaria A Dirección Xeral de Tráfico publica anualmente estatísticas sobre os hábitos dos condutores españois. Farase fincapé no respecto das normas por parte da mocidade, sobre todo dos condutores de motocicletas. | X | X | X |
| ET.9 - Educación para Europa e Educación multicultural Pode realizarse a partir de textos literarios ou textos xornalísticos que analizan aspectos relacionados co uso da lingua. | X | X | X |
| ET.10 - Plan lector: O Departamento de Lingua Castelá e Literatura participa e colabora directamente coa Biblioteca na aplicación do Plan Lector do Centro. | X | X | X |

**Observacións:**

Sen prexuizo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Charlas, encontros... | Asistencia ou participación en conferencias, charlas, encontros con autores, representacións teatrais, cinema, organizadas polo departamento ou en actividades interdepartamentales e intercentros. | X | X | X |
| Animación e fomento da lectura e escritura | Participación en actividades de animación e fomento da lectura e escritura. | X | X | X |
| Rutas artísticas e literarias | Participación e organización de rutas artísticas e literarias en relación coa animación e fomento da lectura e escritura. | X | X | X |
| Prensa escrita e dixital | Participación en actividades de fomento e lectura da prensa escrita e dixital. | X | X | X |
| Semana Cultural | Participación na Semana Cultural do centro e naquelas actividades en consonancia cos fins desta programación. | | X | |
| Actividades interdepartamentais e intercentros | Organización e participación en actividades de continuidade de proxectos realizados desde o departamento ou en colaboración con outros departamentos ou con centros asociados en cursos anteriores e/o novas incorporacións. | X | X | X |
| Exposición de traballos | Exposición de traballos e carteis relacionados coa materia curricular e cos proxectos de traballo. | X | X | X |

**Observacións:**
O desenvolvemento e concreción destas actividades ao longo do curso será recollidos nas actas do departamento.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida da programación. |
| Adecuouse o deseño das UD ao nivel de coñecementos do alumnado e aos seus intereses. |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD. |
| Fomentouse o traballo por proxectos. |
| Fomentouse o traballo coas TIC. |
| Contribuíuse dende a materia ao Plan lector. |
| Contribuíuse dende a materia ao Plan lingüístico. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Adecuouse o deseño das UD ao clima de aula. |
| Conseguiuse a participación activa do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Conseguiuse a coordinación da materia entre os distintos docentes. |
| Outros |
| Contribuíuse ás actividades complementarias e extraescolares. |
| Fomentouse o tratamento dos temas transversais. |

**Descrición:**

Os indicadores de logro empregados para avaliar a práctica docente serán medidos a través dunha escala numérica de 5 niveis, coa seguinte lectura: nivel 1, logro moi baixo; nivel 2, baixo; nivel 3, medio; nivel 4, alto; nivel 5, moi alto. Farase un seguimento trimestral para a comprobación destes indicadores de logro por parte da persoa docente e os resultados serán recollidos a través da ferramenta Proens para as programacións do ensino no apartado dispoñible para tal seguimento.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da propia programación será paralela á aplicación da programación e á avaliación co alumnado e abarcará os seguintes aspectos:

-Adecuar a programación ao marco temporal e ás condicións específicas do alumnado.
-Buscar a motivación e o interese do alumnado cara á materia.
-Procurar mediante o diálogo ou enquisas referidas á presentación de contidos e actividades propias da materia unha avaliación do profesor por parte do alumnado.
-Ter en conta as opinións do alumnado que poidan incidir na mellora da práctica docente.
-Facer unha análise obxectivo dos resultados conseguidos en cada avaliación adoptando as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir de forma satisfactoria as competencias básicas.
Tanto o seguimento da programación didáctica como a elaboración das propostas de mellora derivadas dese seguimento faranse cunha frecuencia trimestral por parte da persoa docente a través da ferramenta Proens para as programacións do ensino.
Para tal fin, traballar o 60% dos contidos das unidades ou menos se considerará un cumprimento baixo; entre o 61% e o 75%, cumprimento medio, entre o 76% e o 90%, cumprimento alto e entre o 91% e o 100%, cumprimento moi

alto.
As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas.
O departamento utilizará os recursos ao seu alcance, impresos e electrónicos, para dar a coñecer ao alumnado e ao resto da comunidade educativa os criterios e procedementos establecidos na programación didáctica do presente curso académico nas primeiras sesións do curso.

## 9. Outros apartados